



**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA DESINFECCIÓN FRONTE AO
CORONAVIRUS (COVID-19) CON PRESENZA CONFIRMADA DE
CASOS.**

A desinfección a executar será unha desinfección de choque por nebulización, sistema polo que se proxecta produto desinfectante ao ambiente mediante un nebulizador, que xera partículas de aerosol de tamaño inferior a 1 micra, e consegue así chegar por difusión a todas as superficies e esquinas da zona tratada.

Antes da desinfección, o persoal das instalacións deberá levar a cabo as seguintes medidas:

- Retirada de obxectos persoais (fotos, obxectos decorativos, etc.) en superficies de traballo, como mesas e estanterías
- Arquivar ou gardar os documentos en papel para evitar danos por humedecemento.
- Retirar calquera tipo de alimento, para evitar posibles contactos cos biocidas.
- Anular as alarmas contra incendios, xa que a nebulización pode actualas.
- Protexer con plásticos os equipos informáticos e eléctricos (computador, teclado, monitor, SAES, etc.).

Para levar a cabo a desinfección, o persoal técnico establecerá un protocolo de actuación en base ao nivel de risco, tipo de instalación, etc.. En calquera caso, a área de risco que estará integrada por:

- Posto de traballo no que se detectou un caso de COVID-19.
- Zonas de uso común transitadas polo afectado (lavabos, corredores, etc.).

Arredor do posto de traballo no que se detectou un caso de COVID-19, establecerase un perímetro circundante cun radio de 2 metros. Neste perímetro máis nas zonas de uso común transitadas pola persoa afectada, a desinfección efectuarase aplicando nos elementos horizontais, isto é, aqueles que pola súa altura puideron estar en contacto directo coa persoa afectada, unha nebulización co biocida seleccionado. A seguir pasarase sobre eses elementos un pano desbotable seco, e sempre desde fóra cara dentro, é dicir, das zonas que se presumen menos contaminadas ás máis contaminadas. Cando estea estendido o produto de modo uniforme, desbotarase o pano. Noutros elementos que, pola súa natureza e preservación, non permitan a pulverización directa mollarase un pano desbotable en desinfectante e aplicarase. .

Nesta área de risco, incidirase especialmente sobre los elementos de maior contacto, como poden ser varandas, billas, interruptores, pomos de portas, teléfonos, etc.

Tras a desinfección das zonas de risco, realizarase unha desinfección en toda a instalación mediante nebulización en frío para alcanzar as zonas de difícil acceso.

Transcorrido o periodo de actuación do biocida máis o prazo de seguridade establecido na autorización de rexistro do biocida utilizado para a desinfección, ventilarase a zona tratada e permitirase o acceso aos servizos correspondentes para realizaren a limpeza establecida no seu programa de actuación.